



ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE XANEIRO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e seis de xaneiro de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Antón Sánchez García
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Así mesmo asiste:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 15 E 29 DE DECEMBRO DE 2011.**
- 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31 DE DECEMBRO DE 2011.**
- 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO ACORDO QUE COMPLEMENTA O ADOPTADO POLO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 7 DE XULLO DE 2011, EN RELACIÓN Á ASIGNACIÓN ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS.**

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 15/2012, DE 19 DE XANEIRO, EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE PROPOSICIÓN DE CANDIDATURA PARA OUTORGAMENTO DE CONDECORACIÓN Ó AXENTE D. ÓSCAR CENDÓN GARCÍA.

5.- ASUNTOS URXENTES

6.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comezar a debater os asuntos recollidos na Orde do Día, a Sra. alcaldesa procede a dar a benvinda a este concello, e facer a súa presentación ós integrantes da Corporación, ó novo Secretario, Federico Suárez Cancelo. Así mesmo manifesta o agradecemento para Aurelia M.^a Basanta García polo tempo que exerceu de Secretaria accidental.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 15 E 29 DE DECEMBRO DE 2011.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións dos días 15 e 29 de decembro de 2011. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación; non se presentan, polo que se aproban por unanimidade.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31 DE DECEMBRO DE 2011.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O Pleno Municipal na sesión que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2011, aprobou a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, con referencia ó 31/decembro/2010; así mesmo na sesión da constitución da nova Corporación municipal, que tivo lugar o día 11 de xuño de 2011, deuse conta do Inventario de Bens e Dereitos municipal actualizado á data 10 de xuño, e que presentaba o seguinte resumo

<u>EPÍGRAFE</u>	NATUREZA DOS BENS	VALORACIÓNS
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995: RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2010: Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS	850.709,37 €
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS	172.314,01 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas1-8):	2.946.318,66
	xuño/2011: Non constan	€



	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	5.925.641,57 €
2º.-DEREITOS REAIS:	Non constan	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC	<i>Anos: 1996 á 2010</i> <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-4)</i> <i>xuño/2011: Non constan</i>	34.212,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	34.212,00 €
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	
5º.- VEHÍCULOS:	<i>Anos: 1977 á 1995:</i> <i>Anos: 1996 á 2010</i> <i>xuño/2011:</i> <i>Subepígrafe 5.2.-OUTROS VEHÍCULOS (ficha 18)</i>	180.306,59 € 415.086,40 € 24.980,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 5º.....	620.372,99 €
6º.- SEMOVIENTES:	Non constan	
7º.-BENS MOBLES:	<i>Anos: 1977 á 1995:</i> <i>1996 á 2010</i> <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS</i> <i>Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES:</i> <i>xuño/2011:</i> <i>Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO:(fichas 235 a 251)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS:(fichas 50 a 61)</i> <i>Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS):Non constan</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES:(fichas 35 a 37)</i> Baixas: <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (xogos parques infantís)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fotocopiadora)</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (actualización medallas)</i>	189.165,72 € 450.193,48 € 193.504,53 € 61.575,16 € 47.662,98 € 24.997,24 € 40.481,96 € 3.760,18 € -11.386,01 € -3.900,57 € -255,74 € 995.798,93
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	17.490,00 €
8º.- BENS DEREITOS REVERTIBLES:	<i>Anos: 1996 á 2010:</i> <i>8.1.- BENS REVERTIBLES:</i> <i>8.2.- DEREITOS REVERTIBLES:</i> <i>xuño/2011: Non constan</i>	15.025,31 € 32.515,31 €
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	7.608.540,80

	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	
--	--	--

Producíronse as seguintes **variacións** ata o 31 de decembro do ano 2011

EPÍGRAFE 7.º MOBLES:

7.1.- MOBILIARIO:

Mobiliario urbano para a praza da Cultura (ficha 252)	9.355,04 €
Mobiliario para Centro Socio Cultural e Deportivo “A Senra” (ficha 253-255).....	14.862,86 €
Mobiliario para o Centro Social de Lubre (ficha 254)	1.109,20 €
Total.....	25.327,10 €

7.2.- EQUIPAMENTOS:

Equipamentos para o campo de fútbol de Cortiñán (ficha 62)	4.452,61 €
Equipamento para a pista polideportiva de Fiobre (ficha 63)	711,59 €
Cámara dixital servizo de Medio Ambiente (ficha 64)	122,72 €
Deshumidificado para Centro Socio Cultural de Vixoi (ficha 65).....	169,00 €
Total.....	5.455,92 €

7.4.- OUTROS MOBLES::

Estores para Escola de Vixoi(ficha 38)	1.759,38 €
Cortacésped (ficha 39)	1.800,00 €
Total.....	3.559,38 €
Altas Epígrafe 7º	34.342,40 €

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Resumo ó 31 de decembro 2010:

A) METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

B) INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación 17.281,07 €

ALTAS E BAIXAS ano 2011

Non se produciron

En base ó exposto, e, vistos os artigos 32, 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipal con referencia ó 31 de decembro de 2011 e, así mesmo, separado, a do **Patrimonio Municipal do Solo**, co seguinte resumo:

<u>EPÍGRAFE</u>	<u>NATUREZA DOS BENS</u>	<u>VALORACIÓNS</u>
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995:	
	RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2010:	
	Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS	850.709,37 €
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS	172.314,01 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS	2.946.318,66 €
	decembro/2011: NON CONSTAN	
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	5.925.641,57 €
2º.-DEREITOS REAIS:	Non constan	



3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC	<p>Anos: 1996 á 2010 <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-4)</i> decembro/2011: <i>Non constan</i> TOTAL EPÍGRAFE 3º.....</p>	<p>34.212,00 € 34.212,00 €</p>
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	180.306,59 €
5º.- VEHÍCULOS:	<p>Anos: 1977 á 1995: Anos: 1996 á 2010 xuño/2011: <i>Subepígrafe 5.2.-OUTROS VEHÍCULOS (ficha 18)</i> decembro/2011: <i>Non constan</i> TOTAL EPÍGRAFE 5º.....</p>	<p>415.086,40 € 24.980,00 620.372,99 €</p>
6º.- SEMOVIENTES:	Non constan	189.165,72 €
7º.-BENS MOBLES:	<p>Anos: 1977 á 1995: 1996 á 2010 <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS</i> <i>Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES:</i> xuño/2011: <i>Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO:(fichas 235 a 251)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS:(fichas 50 a 61)</i> <i>Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS):Non constan</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES:(fichas 35 a 37)</i> <u>Baixas:</u> <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (xogos parques infantís)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fotocopiadora)</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (actualización medallas)</i> decembro/2011 <i>Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO:(fichas 252 a 255)</i> <i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS:(fichas 62 a 65)</i> <i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES:(fichas 38 a 39)</i> TOTAL EPÍGRAFE 7º.....</p>	<p>450.193,48 € 193.504,53 € 61.575,16 € 47.662,98 € 24.997,24 € 40.481,96 € 3.760,18 € -11.386,01 € -3.900, 57 € -255,74 € 25.327,10 € 5.455,92 € 3.559,38 € 1.030.141,33 €</p>
8º.- BENS E DEREITOS REVERTIBLES:	<p>Anos: 1996 á 2010: 8.1.- BENS REVERTIBLES: 8.2.- DEREITOS REVERTIBLES: xuño/2011: <i>Non constan</i> TOTAL EPÍGRAFE 8º.....</p>	<p>17.490,00 € 15.025,31 € 32.515,31 € 7.642.883,20</p>

	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	
--	--	--

Segundo: Que se remita certificación deste acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do previsto no artigo 86 do Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, e 32 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. Bergondo, 16 de xaneiro de 2012=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO ACORDO QUE COMPLEMENTA O ADOPTADO POLO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 7 DE XULLO DE 2011, EN RELACIÓN Á ASIGNACIÓN ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Na sesión plenaria que tivo lugar o día 7 de xullo de 2011, en relación co punto da Orde do Día ASIGNACIÓN ÓS GRUPOS POLÍTICOS DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS, aprobouse unha emenda á proposta da Alcaldía presentada polo grupo municipal do Partido Popular en relación ás contías a percibir; debido a un defecto formal, non foi sometida á votación a proposta da Alcaldía, quedando sen determinar a periodicidade no pago das asignacións, a pesar de entenderse a vontade do Pleno municipal de manter o recollido respecto a ese dato na proposta da Alcaldía, xa que dito extremo non foi obxecto da emenda.

En consecuencia co exposto, e co fin de garantir a seguridade xurídica que debe imperar nos acordos municipais, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do acordo, que complementa o adoptado no Pleno de 7 de xullo de 2011, e que é o seguinte:

Primeiro: *As asignacións ós grupos políticos municipais percibiranse por trimestres vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ó vencemento.*

Segundo: *As asignacións recollidas no apartado anterior, non poderán destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.*

Así mesmo cada Grupo deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación cando este órgano o solicite.

Terceiro: *Notificar o presente acordo a cada un dos Grupos Políticos deste Concello.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 16 de xaneiro de 2012=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez “

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 15/2012, DE 19 DE XANEIRO, EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE PROPOSICIÓN DE CANDIDATURA PARA OUTORGAMENTO DE CONDECORACIÓN Ó AXENTE D. ÓSCAR CENDÓN GARCÍA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes do Decreto 15/2012, de 19 de xaneiro, que transcrito literalmente di:

“Vistos os artigos 89 e seguintes do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, nos que se regulan as distincións e recompensas da Xunta de Galicia coa finalidade de premiar e distinguir publicamente aos policía locais de Galicia por feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das funcións e cometidos normais dos seus postos de traballo.

Visto que segundo o previsto no artigo 99.2 do citado Decreto as propostas de candidaturas á placa colectiva ou individual e ás medallas ao mérito da Policía Local, poderán formularse pola unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais, ou pola federación galega de municipios máis representativa e que o prazo para a presentación de propostas correspondentes ao ano natural remata o día 31 de xaneiro do ano seguinte.

Vista a sobresaínte actuación realizada por D. Óscar Cendón García con D.N.I nº 79.328.718-Q policía local deste Concello cando o día 26 de decembro de 2.011 e non estando de servizo, evitou que unha muller se arroxarse ao vacio desde a ponte de O Pedrido.

*Considerando que a citada actuación pode ser encadrada nos supostos de recoñecemento coa medalla ao mérito ou a placa individual regulados no Decreto 243/2008, de 16 de outubro e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) e i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:*

Primeiro: *Solicitar que por parte da unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais da Xunta de Galicia e/ou por parte da Federación Galega de Municipios e Provincias, se inicien os trámites necesarios e se proceda a propoñer a candidatura de D. Óscar Cendón García para o outorgamento da placa individual ou á medalla ao mérito da Policía Local de conformidade co previsto nos artigos 89 e seguintes do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, en recoñecemento á súa meritoria actuación do día 26 de decembro de 2.011.*

Segundo: *Dar traslado da presente resolución, xunto con toda a información existente sobre os feitos á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias.*

Terceiro: *Dar conta ao pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.*

Bergondo, 19 de xaneiro de 2.011=A Alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Marquez”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: damos conta e desexamos que a Consellería resolva favorablemente esta peticións.

Sr. voceiro do BNG: aínda que só sexa dar conta, felicitar a quen tivo a iniciativa; hai que premiar estas accións e estes valores, quero facelo constar.

Sra. alcaldesa: en todo caso nos propoñemos, que é o que nos toca e quen ten que resolver é a Consellería.

O Pleno queda enterado.

5.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

O Sr. voceiro do BNG manifesta que o seu Grupo presenta unha Moción contra a suba do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) decidida polo Goberno do Estado; xustifica a súa urxencia en que hai que moverse rápido, politicamente e socialmente, en contra do recente decreto do goberno central polo que se aproba unha suba inxustificada que vai afectar negativamente ós veciños de Bergondo.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos trece concelleiros asistentes, que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelos.

5.1.- MOCIÓN CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI) DECIDIDA POLO GOBERNO DO ESTADO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. voceiro do BNG, da lectura á Moción que foi presentada no Rexistro Xeral de Entrada o día 25 de xaneiro, co núm. 444, e di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral –antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galicia que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóveis de uso residencial. Ademais haberá mais de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos (o caso de Bergondo), xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidablemente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por



parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galicia e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custo dos servizos en Galicia, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do nos país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galicia, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Bergondo solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

1.- *Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.*

2.- *Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.*

3.- *Solicitar do Presidente da Xunta de Galicia a:*

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galicia. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4.- *Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentarios do Parlamento galego.*

O Pleno acordará o que considere pertinente.

Bergondo a 26 de xaneiro de 2.012= Concelleiro do Grupo Municipal do BNG.=Asdo. Juan Antonio Fariña Pedreira”.

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: no caso de Bergondo á día de hoxe xa non se estaba aplicando o mínimo, é un mínimo de 0,40 e se estaba aplicando un tipo do 0,45 e efectivamente pensabamos que este non era o mellor ano para facer un incremento no IBI; si é certo que nos fomos adaptando durante todos estes anos ós mínimos obrigatorios xa que cando chegamos nin se cobraba o mínimo. Por outro lado tamén é certo que as arcas municipais vense mermadas; por outra parte, como ben se recolle na moción, isto invade totalmente as competencias dos concellos, está ben que nos propoñan unhas marxe e dentro de iso nos saberemos o que temos que facer.

Pensamos que o que sería xusto e así o fixemos cando se nos deu a posibilidade por parte da Deputación, de facer este ano unha revisión catastral e estabamos coa idea de facela porque a ultima databa xa de moi atrás e os valores non eran xustos, co cal desta forma, algo que tamén se acordou aquí cos partidos políticos, a xente pagaría realmente polo que ten. Pero non estamos de acordo con ter que fixar uns tipos dun 0,50 para este ano, nin para un 0,60, co cal, o partido socialista si que apoia esta moción do BNG.

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do PP e manifesta: nós non apoiamos esta moción en base a unha serie de cousas. A recadación do IBI vai destinada integramente ó financiamento do propio concello, polo tanto calquera suba do IBI ben xestionada redundará en beneficio do concello. Como vostede ben dixo non estamos no mínimo, estamos no 0,45, pero a revisión catastral tiñámola que ter feita hai moito tempo, de feito esta suba non afecta ós municipios que revisaron no prazo voluntario que marca a normativa.

Por outro lado encontrámonos cunha norma que vai ter unha eficacia temporal limitada, máxima de dous anos, motivada pola grave crise económica que padecemos e que trata de garantir a autonomía local, a suficiencia das facendas locais nun momento caracterizado pola diminución dos ingresos e por o incremento dos custos que están a asumir os concellos.

O ministro de Facenda comunicou onte formalmente ós concellos a través da FEMP, que se ampliará a dez anos o prazo de devolución das liquidacións negativas, que foi unha moción presentada polo grupo do Partido Popular e apoiada por vostedes, que abría liñas para financiar ós concellos, sobre todo liñas ICO para axudarlles no pago ós provedores. Todas estas son medidas que os concellos celebraron por entender que supoñían un balón de oxixeno nun momento especialmente crítico para moitas facendas locais.

Isto é unha mostra mais do compromiso do actual goberno do Estado co financiamento local, moi lonxe do comportamento demagóxico que adopta o BNG que é capaz de pedir nun mesmo escrito unha reforma dun plan de financiamento local, e, por outro lado, criticar ou non apoiar medidas que aportan liquidez ás facendas locais; polo tanto, non imos aprobar a moción presentada, aínda que si estamos de acordo en instar ó goberno de España para que proceda a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que nos criterios de reparto nos ingresos do Estado teñan en conta o maior custo dos servizos do noso país derivados pola dispersión poboacional e polo envellecemento da poboación que apuntaban no punto 3.b da moción.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, e di: nós imos apoiar esta proposta porque cremos que, precisamente en tempos de crise *meter a man no peto*, subindo os impostos non é a proposta mais axeitada, hai outras fórmulas.

Sra. alcaldesa: recalcar con respecto ó que di a Sra. voceira, que é incluso loable que o Partido Popular por fin estea de acordo coa suba dos impostos, cando tantas veces criticou ó Partido Socialista mesmo nesta Corporación cando nos subiamos os impostos en mellores épocas, esta ben tamén que se apunten.

En canto á crise que temos as Corporacións locais o que non debería facer o Estado é meternos a todos no *mesmos saco*, nós saberemos como temos as nosas arcas e como debemos financiarnos a ata onde podemos chegar.

Sra. voceira do PP: de todos modos dentro duns meses xa me dirá como imos recadar o que temos previsto, cando empezamos xa este mes devolvendo mais de doce mil euros do ICIO, e teñamos que facer un suplemento de crédito.

Sra. alcaldesa: unha devolución do ICIO no afecta o estado de ingresos e gastos.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do BNG e di: con respecto ó Partido Popular, en plenas eleccións presumía de que non ía subir os impostos; de todos modos iso xa é de sobra coñecido de que dicía unha cousa e agora súbenos. A crise de liquidez nos concellos será particular de cada concello, se Bergondo considera e ten a capacidade de decidir que taxas e que impostos ten que subir ou non ten que subir debe ser Bergondo quen o decida, porque se outros concellos están endebedados Bergondo non o está, polo tanto, pode decidir que nun contexto de crise non castigar mais ás economías familiares, iso é o



que chama invadir as competencias municipais, iso que se chama tamén eficiencia na xestión dos recursos que é que os concellos son os que mellor coñecen a situación da facenda local.

Non se pode pretender xestionar a economía dos concellos dende Madrid, si que pedimos un plan de financiamento local porque todos sabemos como tamén ten repetido moitas veces o ex portavoz do Partido Popular, que os concellos asumimos competencias para as que non recibimos financiamento, e, en Galicia aínda é mais grave e hai que facer un plan de financiamento local dos concellos, pero non en base a subir este imposto, que en dous anos vai subir o corenta e catro por cento; nos temos aquí unha táboa cuns cálculos que temos o tipo do 0,45, incrementábase xa este ano un once por cento e no dous mil trece un trinta e tres por cento, a todos por igual, non hai discriminación por desempregados, persoas con risco de exclusión social, nin nada, vai ser para todas as persoas; polo tanto cremos que neste contexto Bergondo non tiña agora esta necesidade, independentemente de que nós si que pensamos que dende o ano 2002 tiña que ter unha revisión catastral, pero non é o mesmo facelo progresivamente que en plena crise aumentar un corenta e catro por cento este imposto, indiscriminadamente.

A continuación procedese á votación a moción presentada polo BNG, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) a favor; Grupo municipal do Partido Popular: cinco (5) en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) a favor.

Total: oito (8) votos a favor e cinco (5) en contra.

En consecuencia a Sra. alcaldesa declara **aprobada**, por maioría de votos a favor, a Moción antes transcrita.

6.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 26 de decembro de 2011 ata o 20 de xaneiro de 2012, numerados do 807/2011 ó 19/2012. O Pleno queda enterado.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 25 de xaneiro, co núm. de rexistro de entrada: 445. A Sra. voceira do dito grupo, Antonia M.^a Sanjurjo Seijas, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

ROGOS:

1- Reparar baches en la entrada de la intersección carretera Lubre/Sada-Cangas. (fotografía).

Sra. alcaldesa: esa carretera vaise asfaltar de todas formas, íase xa a facer un rebacheo.

2 - Punto de luz en el camino Rio Mayor/Campo de Leis (entre los nº 3 R. Mayor y 47 C. Leis, al lado del río).

Sra. alcaldesa: está fundido; vale.

3 - *Contenedores cruce de Cangas: posibilidad de colocarlos de manera que no entorpezcan la visión, terminadas las obras de cierre de los edificios del área quedaron casi en medio del camino (se acompaña fotografía).*

Sra. alcaldesa: aquí téñense que comprobar as obras de urbanización para ver se xa están rematadas, porque isto estaba temporalmente aí; comprobarase no servizo de obras.

Sra. voceira: poderíase mover temporalmente, porque é un perigo para a circulación.

4 - *Posibilidad de colocar un contenedor en el atrio de la Iglesia de S. Juan de Lubre (petición de las encargadas de flores y limpieza de la iglesia).*

Sra. alcaldesa: comentarase, pero o Concello de Bergondo pasase con moito na dotación de contedores en canto a poboación e a dispersión, pero pedirémolo.

Sra. voceira: igual pódese reubicar.

Sra. alcaldesa: si ó mellor unha reubicación sería mais axeitada.

5 - *En el camino de Loureda, a la altura del nº 2 hay una tapa de alcantarillado muy hundida, lo que provoca un bache para los coches.*

PREGUNTAS:

1- *Camino de Fragachán, ¿para cuando finalizan las obras? (se acompaña fotografía).*

Sra. alcaldesa: a obra como tal está finalizada, agora hai que deixar que se asente xa que houbo colocación de tubos, e despois procederase a asfaltala na primavera seguramente.

2- *Desde hace un par de meses tenemos dos vehículos estacionados/abandonados en la parcela del polígono.*

Sra. alcaldesa: están aí porque se retiraron a consecuencia de dous accidentes e había unha perigosidade na vía, un foi na estrada de Ferrol e o outro na urbanización cerca do pavillón de Guísamo. Téñense que tramitar como residuos sólidos urbanos, pode tardar algún tempo porque o procedemento non é rápido.

Sra. voceira: pero ¿está iniciado o procedemento?, porque xa levan dous meses.

Sra. alcaldesa: si está iniciado, e aínda pode tardar.

3- *Coche abandonado en la parcela del aparcamiento del cementerio con los cristales rotos...*

Sra. alcaldesa: está na mesma situación, pero aquí xa houbo contactos coa policía local da Coruña, porque a propietaria si está identificada pero non se deu localizada no domicilio que aparece, polo tanto vaise a tramitar seguindo todo o proceso.

4- *Playa de Gandarío. Estado de las obras falta de señalización y peligro para los vehículos. Xa responderon nunha ocasión que non era necesario que as obras tivesen unha sinal luminosa. Este fin de semana alí había unha grúa e penso significa un perigo para os vehículos.*

Sra. alcaldesa: trasladóuselle este comentario ó director da obra, e contestou que non hai ningún perigo.

Sr. concelleiro de obras e estruturas, Francisco M. Fafián Torreiro: hai un plan de seguridade e o cumpre.

Sr. concelleiro, Alberto Feijoo Rodríguez: o problema é que se cumpre o Plan de Seguridade, aínda que para algunha persoa poida representar un perigo, ou poida obstaculizar, o regula o Plan de Seguridade está dentro da legalidade, entón non se lle vai poder obrigar a sinalizalo mais; outra cousa é que a



maiores se pida, ou o concello o poida colocar; que os veciños poidan pedir que, aínda que estea dentro da legalidade, se engadan cousas. O director da obra non vai poder facer mais.

Sra. alcaldesa: vostede mesmo estase a contestar.

Sr. concelleiro, Alberto Feijoo Rodríguez: penso que a petición é desde os veciños.

Sra. alcaldesa: se estiveramos no verán, que alí houbera moito mais movemento, nós tamén insistiríamos no mesmo.

Sra. voceira: é que a maquinaria está xusto tomando a curva, se estivera no media da recta todo o mundo a vería, pero esta xusto tomando a curva.

5- Pista cortada de acceso al centro de salud sin señalizar. Unha vez que se mete na pista hai que saír marcha atrás, non hai outra posibilidade.

Sra. alcaldesa: estívose sinalizando e se cambiaron os accesos para facilitar a entrada dos propietarios das vivendas, aínda hoxe volvéronse a cambiar, de feito abaixo na carretera que ven de Sada non se indicou tampouco ningún camiño cortado porque se podía acceder pola parte de arriba do cruce; hoxe aínda se seguiu colocando sinalización porque é unha obra que empezou esta semana.

Sra. voceira: se se mete polo cruce dos *Condes* cara o Centro de Saúde non hai ningunha sinal de cortado.

Sra. alcaldesa: hai vallas.

Sra. voceira: si, cando chegas e hai que dar marcha atrás, eu penso que non supón tanto esforzo sinalizar.

6- Alumbrado en Guísamo carretera a Cambre... 5 meses. Explique Ud. las actuaciones. ¿Estaban apagadas a propósito y se encendieron después de la nota de prensa?. Penso que debemos dar explicacións de cal foi o proceso que se seguiu para que non nos acusen de mentir.

Sra. alcaldesa: realmente tampouco levaban cinco meses coas luces apagadas, senón que foi intermitente, de feito cando chamaban ó concello se ía amañar e despois volvía a fallar; non foron cinco meses seguidos.

Sr. concelleiro de obra e infraestruturas: que houbo fallos tódolos día, si

Sra. concelleira, Isabel Prado Gómez: desde novembro houbo fallos e estiveron todos os días apagados, desde *o bar el carro* hasta Pedras Brancas tiñades acendida unha luz, só unha.

Sra. alcaldesa: foi unha obra nova que se fixo a urbanización, un proxecto que recollía zona urbanizada e as aceras diante da urbanización de Baldormir. Houbo un problema e foise a amañar varias veces, incluso o que se nos dixo que houbera un roubo de cable, que non foi, foi das tomas de terra, e unha posible manipulación da caixa que despois lle entraba auga. O que nos intentamos foi que se fixera cargo a empresa que no seu momento fixo a obra, está xa devolto o aval porque é unha obra feita hai dous anos. Non é certo que non se estivera amañando e si se estaba indo alí continuamente, e reclamamos á empresa pero era un contrato moi concreto que non tiña que ver co resto dos farois que é certo que ó día de hoxe hai algunha que aínda está fundida e que están noutros contratos mais antigos.

Sr. voceiro do BNG: nos temos unha pregunta similar a esta; eu o que pido que non se lles diga ós veciños que hai roubos de cable cando non os hai.

Sra. alcaldesa: si que as veces os hai.

Sr. voceiro do BNG: si que se lles dixo que se roubara o cable e que se vixiara

Sra. alcaldesa: si é certo.

Sr. voceiro do BNG: non se pode facer iso, porque é alarmar á xente innecesariamente.

Sr. concelleiro de obra e infraestruturas: o que pasou foi que roubaron o cable de terra e nos transmitiron que faltaba a acometida, cando o sacaron rebentaron a cerradura da caixa e o tirar por el quedou pinzado á terra e saltaba o diferencial continuamente; non se detectou que faltaba o cable de terra ata que se veu que un dos farois estaba aberto, entón, non é que roubaran acometida, roubaron cable de terra que aínda é

peor. Porque se rouban acometida quedamos sen luz, de todos formas vos damos copia do informe que fixo a empresa e, ademais, non asumindo o gasto de reparación.

Sr. voceiro do BNG: de todos modos, insisto, esas cousas hai que facelas ben, calados, sen alarmar á xente de que hai roubos, e moito mais senón houbo eses roubos; e se hai, á policía local lle debe de constar sempre que se rouba nos sitios.

Sra. alcaldesa: de feito fanse as denuncias pertinentes tamén ante a garda civil.

Sr. voceiro do BNG: pois non consta.

Sra. alcaldesa: neste caso non, pero si se fixeron moitas denuncias.

7- Horario de apagado de las luces de delante de la Iglesia. Delante do parque da igrexa de Guísamo, ás oito menos carto da mañá que é cando van os nenos coller o autobús para o colexio están apagadas, non se ve nada. Non sei que horario hai de apagado e acendido.

Sra. alcaldesa: ¿vostede fala das luces do parque?.

Sra. voceira: si, do parque que teñen que cruzar.

Sra. alcaldesa: pola noite están acendidas, o cal pode parece un dispendio, pero no contrato dese parque non se chega ó consumo mínimo, ó mellor o que hai que facer é un variación de horario para que se axusta á mañá.

8- Quien paga el alumbrado de Urbanización Os Girasoles.

Sra. alcaldesa: o concello.

Sra. voceira: pois esa urbanización está toda a noite acendida con farois a ambos lados da rúa, aí non hai un si e un non, nin restricións como temos os demais.

Sra. alcaldesa: as restricións fóronse facendo pouco a pouco dependendo das estradas, empezouse polas vías principais, na NVI, nesta de Ferrol, na estrada de Sada a Betanzos, na de Cambre non se chegou a actuar porque xa había deficiencias. Se ten previsto seguir actuando nalgunha das zonas se se ve que non é necesario, pero pola perigosidade non se entrou nos camiños que se non é recomendable non se fará, niso tamén quedou a Urbanización que ó mellor ten un exceso de luminosidade comparada con outros, que non é necesario que quede así.

Sra. voceira: entón en todos os camiños secundarios as que faltan están fundidas.

Sra. alcaldesa: seguramente si, e vanse amañando conforme se reciben os avisos.

9- Policía Local: asignación de funciones y coordinación con protección civil. Incidencia el domingo 22 de enero. ¿quen manda? ¿son complementarios? ¿como funcionan?.

Sra. alcaldesa: non sei de que vai porque vostede pon despois incidencia domingo vintedous de xaneiro e eu non teño constancia de que houbera ningunha incidencia ese día.

Sra. voceira: porque como foi na miña parroquia chamáronme a min.

Sra. alcaldesa: ¿quen a chamou? ¿un particular?.

Sra. voceira: xente que pasaba durante a hora que se celebrou a misa, a procesión. Non por nada, porque cando hai unha misa, unha procesión, un enterro, non pasa nada de esperar alí un tempo. Pero a pregunta que se facían era que, non é posible que se temos unha policía municipal estea nos lugares que hai aglomeracións, neste caso, cortando o paso arriba e abaixo do sitio que ocupou a procesión, mais que nada porque no tempo que estabamos alí pasaron sete ou oito cadeiras de rodas con rapaces sorteando polo medio dos coches. Iso é o que chamo eu unha incidencia, porque creo que non houbo ningún outro evento mais en Bergondo nese momento nin en ese día.

Sra. alcaldesa: non é habitual, e a policía local estivo nese evento na parroquia de Moruxo ese día, e non se considerou necesario que estivera protección civil, os medios son os que son.



Sra. voceira: a esa hora non había policía municipal.

Sra. alcaldesa: Sra. concelleira, a policía non está sempre en todas as festas nin en todos os saraos nin en todos os enterros, como á xente lle pode parecer, porque tampouco é esa a función. Pode estar onde hai unha aglomeración concreta, que eu tamén estiven alí e non era tal, e non pasa nada porque un teña que estar esperando, sobre todo porque non estamos nunha vía principal.

Se me di vostede que temos que estar cortando unha vía principal, chámese NVI ou unha estrada da Xunta, entón si, e quen o ten que coordinar nese caso é o concelleiro de seguridade cidadá en principio coa policía local e senón con protección civil.

Sra. voceira: eu so lle pregunto que se estaban facendo algunha función mais importante, sígolle preguntando que asina as funcións e se tiña algunha outra cousa mais importante que facer, ¿saben realmente o que teñen que facer? ¿quen coordina estas intervencións?.

Sra. alcaldesa: xa lle estou dicindo que estas intervencións as coordina o concelleiro de seguridade cidadán coa policía local e se é necesario con protección civil, que como vostede sabe é unha agrupación de voluntarios que se lles avisa cando é necesario.

10- ¿Que ocorre con la RPT que en respuesta a la exposición de VB en el pleno de 01-12-2010, Ud. decía pronto o traeremos ao pleno. Recórdolle que hoxe é 26 de xaneiro do 2012. Fai disto case 13 meses.

Sra. alcaldesa: dende ese pleno houbo eleccións municipais, houbo eleccións sindicais recentemente, e xa veremos se é o momento de negociar ou de que poidamos aprobar unha RPT porque o famoso decreto ó que antes facíamos referencia tamén fala da contratación que podemos facer os concellos e é dubidoso ó día de hoxe, a non ser que se nos diga algo mais, que poidamos cubrir calquera tipo de prazas e voulle ler que incluso se prohibe a incorporación de calquera novo persoal e a limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na Disposición Transitoria Cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público, así como na contratación do persoal temporal e nomeamento de persoal estatutario, etc.

Unha RPT tamén nos fixa o persoal ó que se debe contratar, se esta laboral, se se ten que quitar esa praza ou non, co cal ó día de hoxe e moi dubidoso que poidamos aprobar unha RPT no concello de Bergondo.

Sra. voceira: o estudaremos e o veremos.

11- Fiesta de carnaval. ¿ se se vai facer e cando?.

Sra. alcaldesa: si, o vinte e cinco de febreiro, será como sempre o sábado o *antroido pequeno*, o programa se está facendo ó día de hoxe. Vai ser cunha redución respecto ó orzamento do ano pasado, pero os mínimos son os mínimos e a festa vaise facer.

12 – Comida de mayores.

Sra. voceira: retiro esta pregunta e, se é posible, quero substituíla por outra.

Sra. alcaldesa: si.

Sra. voceira: se podería facer algunha actuación no parque de Bergondiño, que esta sucio, abandonado.

Sra. alcaldesa: ¿enténdoa mais ben como un rogo?

Sra. voceira: si

Sra. alcaldesa: incluso está sufrindo actos vandálicos, si.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Preguntas o día 24 de xaneiro, co núm. de rexistro de entrada: 420. O Sr. voceiro do dito grupo, Antón Sánchez García, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

1) Centro de saúde de Bergondo. ¿Dirixíronse á Xunta para tratar de desbloquear o traspaso dos centros de saúde e polo tanto a posibilidade de poder reparar o tellado do consultorio de Bergondo?.

Sra. alcaldesa: á día de hoxe non é o desbloqueo na Xunta, aínda non se lle deu traslado á Xunta de Galicia, porque é un dos expedientes que se revisará agora.

Sr. voceiro: ¿porqué?

Sra. alcaldesa: intenteino explicar o outro día un pouco por enriba. Era moi dubidoso no seu momento, e a propia secretaria dicía que ese Centro era da Consellería de Saúde, despois dende a propia Consellería remitíusenos de volta e se nos dixo que non, co cal había que comprobar se estaban inscritos nos Rexistros correspondentes e demais. No seu momento, cando se fixo o Centro non se puxo a dispor da Consellería, as cousas facíanse doutro modo, e, incluso á día de hoxe a parcela física non coincide con ningunha parcela catastral, co cal era un tema que requiría dunha análise mais pormenorizada, no caso de que se puidera transferir. É unha das cousas que agora lle tocará de mirar ó secretario, se realmente se pode facer esa transferencia ó Sergas, con todas as garantías.

Sr. voceiro: son dous anos e pico xa, eu non sei se se fixeron xestións ou non, dáme a impresión de que estivo aí parado e agora calquera obra que haxa que facer, como a do tellado, se a ten que acometer o Concello de Bergondo é un custo.

Sra. alcaldesa: as obras de mantemento as temos que acometer nós.

Sr. voceiro: é o de sempre, igual que cando falamos do inventario de camiños, fontes e lavadoiro o outro día, non podíamos pedir subvencións para amañar os lavadoiros porque non temos o inventario. Estas xestións non locen moito para sacar votos pero son importantes para ter unha base para traballar, polo tanto a ver se se lle pode dar para adiante.

2) Plan xeral. Estado e tramitación na actualidade.

Sra. alcaldesa: como xa falamos a ultima vez, está pendente o informe da redacción do contrato para saber se podemos seguir por aí, se temos que facer unha nova licitación, ou non.

Sr. voceiro: pois mais do mesmo, parécenos preocupante a falta de interese ou de decisión, ou de ter as ideas claras respecto ó Plan Xeral. Vostede sabe mellor que eu que catro anos pasan rápido

Sra. alcaldesa: non son suficientes.

Sr. voceiro: por iso, e se todos dicimos que é un obxectivo prioritario para Bergondo contar cun Plan Xeral, se cremos neso perder este tempo é bastante preocupante.

3) Quixéramos coñecer cal é a razón pola cal se tardou 3 meses en paralizar as obras que se estaban a acometer no club de tenis A Pedralba.

Sra. alcaldesa: foi algo bastante enredado, incluso era dubidoso quen estaba a facer esas obras e presentóusenos unha solicitude de licenza, e esa persoa cría que o amparaba para poder facer a obra porque era unha licenza en solo rústico e entendía que eran unhas obras que se podían chegar a facer nesa zona. Despois de diversos contactos coa APLU, as obras que realmente se chegaron a facer non coinciden, e así o di o informe do arquitecto, coas obras solicitadas no seu momento; incluso a persoa que facía as obras entendía que por silencio administrativo podía facer o lle viñera en gana, cousa que no informe se demostra que non.

Sr. voceiro: esa non é a miña pregunta, o informe do arquitecto é do cinco de agosto, se lle mandou creo que o catro de novembro esta paralización inmediata das obras, cando o recomenda un arquitecto é unha



medida de precaución, de que se paren inmediatamente para despois estudar a legalidade e se tardaron tres meses, eu quería coñecer a razón porque se tardou tres meses.

Sra. alcaldesa: pois precisamente por iso, porque había esa ilegalidade, entre comiñas, e durante ese tempo se estivo vendo a posibilidade de se non había nin sequera que paralizar, pois había unha solicitude de licenza presentada. Estará vostede de acordo que dende agosto, houbo vacacións da xurista...

Sr. voceiro: pero ¿había algún informe contraditorio co do arquitecto?.

Sra. alcaldesa: non

Sr. voceiro: ¿daquela?

Sra. alcaldesa: estoullo dicindo.

Sra. voceira do PP: perdón, pero o club de tenis non está a facer ningunha obra.

Sr. voceiro: non dixen o club, dixen no club de tenis.

Sra. voceira: e que no club non se está a facer ningunha obra.

Sr. voceiro: pois o informe do arquitecto di, obras en solo rústico e solo de núcleo rural tamén, unhas escaleiras que picaron e se volveron a facer, un aparcamento, dúas pistas de padel que son dúas naves cerradas, dúas pistas de tenis; ó mellor non o fai o club de tenis, pero fotos hai e un informe do arquitecto que di que se están a facer alí as obras.

Sra. voceira: non o fai o club de tenis e os terreos non son do club de tenis.

Sr. voceiro: esta claro non, pero alí hai xente que é socia dun sitio onde van xogar con raquetas e pasan pelotas dun lado a outro da rede, outra definición diferente. No informe do arquitecto tampouco di que sexan do club de tenis legalmente, pero se están facendo unhas obras ilegais sen pedir licenza, non se solicitou licenza, solicitouse unha autorización a Augas de Galicia, simplemente.

Sra. voceira: pero vostede tense que dirixir a quen está a facer as obras e ó que ten os terreos, non ó club de tenis.

Sr. voceiro: e seguramente será un benefactor do club de tenis quen as faga.

4) *Estado de execución das obras acordadas con noso grupo con ocasión da aprobación do suplemento de crédito o ano pasado. En concreto, as seguintes:*

- *Obras no campo de fútbol do Convento.*

Sra. alcaldesa: estaba pendente da colocación dunha rede nuns ferros que ía aportar o club de fútbol de Lubre porque os tiña, pero como non daban vido a concelleira decidiu encargalos e poñelos xa porque a rede a temos desde novembro. O se solicitou a maiores foi a instalación dun servizo, non hai nin quince días, co cal ó final o que decidimos foi facer o que non se daba feito ou o que eles tamén coa súa vontade de aportar non o dan feito.

- *Limpeza de maleza e retirada de cascallos das marxes do río en Miodelo.*

Sr. voceiro: deste asunto falei pola mañá co concelleiro de Obras.

Sra. alcaldesa: xa sabe entón.

Sr. voceiro: pero creo que se pode acometer igual a obra, leva moito tempo, pero cada día que pasa, por unha cuestión de imaxe hai que retiralas canto antes; son escombros de obras propias do concello, están no inicio dun roteiro subvencionado con cartos dos fondos europeos nun lugar de interese comunitario polo seu valor ambiental, etc., para nós é prioritario que se faga.

Sra. alcaldesa: e se vai facer, pero meter agora cartos para que alí se enterre unha pala sería un pouco ridículo, o normal será facelo nas fechas que non sexa despilfarrar, facer vaise facer.

Sr. voceiro: as palas metéronse xa en pleno novembro e non se enterraron, o que fixeron foi quitar terra dun regato para depositala noutro lado; eu reitero, debese facer canto antes, non da boa imaxe.

- *Amaño do camiño entre Miodelo e Rois.*

Sr. voceiro: xa vin despois de entregar este escrito que xa se está empezando a obra.

Sra. alcaldesa: e que ese non ía no suplemento, ía no POS que aprobamos o ano pasado.

Sr. voceiro: o camiño que nos solicitabamos era o que sae xusto por detrás de Miodelo e vai ata Rois.

Sra. alcaldesa: este tamén estaba no POS, non ía no suplemento.

- *Camiño e marquesina en San Paio.*

Sr. voceiro: xa me explicaron que hai unhas datas previstas.

- *Amaño do camiño Senra-Vixoi.*

Sra. alcaldesa: todos eses camiños ían nun proxecto que está agora mesmo en licitación e teremos proximamente a Mesa de Contratación, quince días como moito.

5) *¿Ten constancia o goberno municipal de que se teñan producido roubos de cable na liña do alumeadado público nos últimos meses?.*

Sr. voceiro: xa se falou.

6) *Estado de execución das medidas de aforro enerxéticas propostas polo noso grupo e pactadas co equipo de goberno.*

Sra. alcaldesa: ó día de hoxe aínda seguimos a pagar coas mesmas tarifas, a pesar que se fixeron naquel momento aquela modificación nos contratos e se nos dixo que nun mes ía a quedar, non volvemos a ter mais coñecemento e nós o reiteramos. Fixemos un estudo para presentar á subvención do INEGA cunhas liñas do Polígono para redución de luminosidade, veremos como resolve o INEGA. Si que estamos observando que, aínda que non é o desexado apagar farois, estamos observando as facturas e se está a pagar menos que o ano pasado.

Tamén lle adianto que a idea do Consorcio das Mariñas é sacar un contrato de subministración eléctrica dos nove concello que o integran, para a semana temos un Pleno e irémoslles informando.

Sr. voceiro: eu insístolle tamén nas nosas medidas, propoñiamos, e parécenos o racional e lóxico, facer unha auditoría.

Sra. alcaldesa: xa temos a feita pola Deputación, xa sei que ó mellor non é a ideal pero si polo menos é básica e de aí se están sacando datos para esa licitación que se faga desde o Consorcio, con mais concellos.

Sr. voceiro: eu consultei a auditoría da Deputación e non nos vale, hai que facer un plano do Concello de Bergondo onde están todas as luminarias, onde están as liñas, que potencia ten cada liña. Hai camiños que poden ser privados e están con alumeadado público.

Sra. alcaldesa: eses os estamos apagando, pode quedar algún, pero á día de hoxe dos que temos constancia están apagados, porque non podemos estar iluminando nun camiño privado; se queda algún é que non temos constancia.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte unha horas e tinta e cinco minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:

A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez